

prestar o servizo universal de telecomunicacións á normativa comunitaria.

A Comisión Europea non contestou formalmente sobre a adecuación ou non do dito procedemento á normativa comunitaria.

Por outro lado, o punto 1 da disposición transitoria segunda do Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, establece, de conformidade coa habilitación regulamentaria establecida na disposición transitoria segunda da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, a obriga de Telefónica de España, S.A.U., de prestar o servizo universal ata o 31 de decembro do ano 2007.

En consecuencia, ante a falta de contestación formal por parte da Comisión Europea sobre a adecuación ou non do procedemento seguido para a designación do operador encargado de prestar o servizo universal de telecomunicacións e para o efecto de garantir a dispoñibilidade do servizo universal de telecomunicacións a partir de o 1 de xaneiro de 2008, resulta necesario modificar o punto 1 da disposición transitoria segunda do Regulamento de servizo universal prorrogando a obriga de Telefónica de España, S.A.U., de prestar o servizo universal ata o 31 de decembro do ano 2008.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2007,

DISP O Ñ O :

Artigo único. *Modificación do Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril.*

Modifícase o parágrafo primeiro do punto 1 da disposición transitoria segunda, sobre o réxime transitorio aplicable ao servizo universal, que queda redactado da seguinte forma:

«1. De conformidade coa habilitación regulamentaria establecida na disposición transitoria segunda da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, establécese a obriga de Telefónica de España, S.A.U., de prestar o servizo universal ata o 31 de decembro do ano 2008.»

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva sobre telecomunicacións recoñecida no artigo 149.1.ª 21 da Constitución

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2007

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOAN CLOS I MATHEU

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

22462 *ORDE APA/3864/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. («BOE» 312, do 29-12-2007.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE) e na lista A de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul en territorio peninsular. As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante decisións da Comisión, sendo a última o Regulamento (CE) n.º 1266/2007 da Comisión, do 26 de outubro de 2007, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2000/75/CE do Consello, no relativo ao control, o seguimento, a vixilancia e as restricións ao traslado de determinados animais de especies sensibles á febre catarral ovina.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, ante a súa aparición no territorio peninsular español. As ditas medidas foron posteriormente modificadas á vista da evolución da enfermidade e seguindo o criterio do grupo de expertos previsto no Plan de intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, mediante sucesivas ordes ministeriais, sendo a última a Orde APA/3544/2007, do 5 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. Os axustes legislativos foron necesarios para xestionar o risco baseándose na situación epidemiolóxica no tempo e nas peculiaridades de cada sector específico.

Desde a súa aparición na península, a enfermidade caracterizouse por presentar un silencio epizootiolóxico en función da dinámica estacional do vector en determinadas épocas do ano. Unha vez efectuada a análise dos datos históricos e recentes, tanto climáticos como entomolóxicos, o grupo de expertos previsto no Plan de intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, considera que non existe risco de presenza de vector durante os meses invernales nunha determinada zona do territorio español (zona estacionalmente libre) e, polo tanto, non existe risco de circulación viral na dita zona.

A este respecto, o Regulamento (CE) n.º 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro de 2007, recolle, no seu artigo 8.1.a), o movemento de animais sensibles tras un período de tempo despois do cesamento da actividade do vector.

En función da situación actual da enfermidade, procede unha revisión da Orde APA/3544/2007, do 5 de decembro, co obxecto de considerar, durante un período de tempo determinado, unha zona do territorio nacional como estacionalmente libre de lingua azul. A dita consideración deixará de ter efecto vinte e oito días antes da

data máis temperá en que o vector poida continuar a súa actividade segundo os datos históricos ou inmediatamente se os datos climáticos ou os datos resultantes do programa de vixilancia e seguimento continuo indican un reinicio máis precoz da actividade dos mosquitos Culicoides adultos, detectándose polo menos cinco Culicoides múltiparos por trampa.

Razóns de seguranza xurídica aconsellan, dado o alcance das modificacións, a aprobación dunha nova orde, que derroga a anterior, o que facilitará a súa aplicación.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto desta orde é establecer medidas específicas de protección contra a lingua azul, de aplicación a todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no artigo 2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, no artigo 2.a) do Real decreto 1939/2004, do 27 de setembro, polo que se regula a cualificación sanitaria das gandarías de reses de lida e o movemento dos animais pertencentes a estas, e no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1266/2007 da Comisión, do 26 de outubro de 2007, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2000/75/CE do Consello no relativo ao control, o seguimento, a vixilancia e as restricións ao traslado de determinados animais de especies sensibles á febre catarral ovina. Así mesmo, será de aplicación a definición de posto de control establecida no artigo 1.2.h) do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Zona restrinxida estacionalmente libre S-1 e S-1-4, zona restrinxida non estacionalmente libre S-1 e S-1-4 e zona libre: as previstas no anexo II.

b) Espectáculos taurinos: os clasificados así no artigo 25 do Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica e se dá unha nova redacción ao Regulamento de espectáculos taurinos.

Artigo 3. *Requisitos dos movementos intracomunitarios para vida desde as zonas restrinxidas.*

Os animais de especies sensibles de explotacións situadas nas zonas restrinxidas poderanse mover para vida directamente a territorio doutros Estados membros coas condicións que establece para o efecto o Regulamento (CE) n.º 1266/2007 da Comisión, do 26 de outubro de 2007.

Artigo 4. *Requisitos xerais para movementos con destino a vida dentro de España desde a zona restrinxida cara a zona libre.*

1. Todo movemento para vida dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situa-

das nas zonas restrinxidas S-1 e S-1-4 con destino a zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma, poderase realizar co cumprimento dos seguintes requisitos xerais:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Todo movemento de animais de especies sensibles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas nas zonas restrinxidas polo virus da lingua azul, deberá ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de corenta e oito horas.

c) Todos os animais que abandonen a zona restrinxida para o seu movemento para vida a zona libre dentro de España deberán estar marcados. Esa marcação realizarase, polo menos, no documento de identificación bovina (DIB) dos animais bovinos, previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, debendo garantir en todo momento que a dita marcação se mantén no DIB dos animais cando emitan un novo documento as autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio de posuidor daqueles, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro. No resto de ruminantes, a marcação efectuarase mediante unha marca auricular de cor. Malia o anterior, para aqueles animais que estean identificados segundo o Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, non será necesaria unha marca auricular de cor, e neste caso farase constar na certificación oficial do movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou como documentación adxunta a este, a identificación dos animais obxecto de movemento.

2. Nos movementos previstos neste artigo farase constar, no certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou como documentación adxunta a este, a identificación dos animais obxecto de movemento e, nos casos en que así proceda, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, data de aplicación e, se é o caso, tempo de espera), así como a identificación do responsable en orixe da aplicación das ditas medidas, a documentación acreditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas aos ditos animais e, se é o caso, a data das tres últimas vacinacións fronte á lingua azul aplicadas no animal e o nome das vacinas empregadas.

Artigo 5. *Requisitos adicionais dos movementos para vida desde zona restrinxida estacionalmente libre cara a zona libre.*

1. Ademais dos requisitos previstos no artigo 4, todo movemento para vida dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida estacionalmente libre con destino a zona libre, poderase realizar co cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

a) Que permanecesen durante, polo menos, sesenta días na zona estacionalmente libre, tras a data de interrupción da actividade do vector para cada territorio segundo queda establecido no anexo II, ou

b) que permanecesen durante, polo menos, vinte e oito días na zona estacionalmente libre, tras a data res-

pectiva de interrupción da actividade do vector, período tras o cal se tomaron mostras e resultaron seroloxicamente negativos (ELISA), ou

c) que permanecesen durante, polo menos, catorce días na zona estacionalmente libre, tras a data respectiva de interrupción da actividade do vector, período tras o cal se tomaron mostras e resultaron viroloxicamente negativos (PCR), ou

d) que se trate de animais nados tras a data respectiva de interrupción da actividade do vector, ou

e) que se trate de animais vacinados contra os serotipos do virus da lingua azul presentes na zona segundo as condicións establecidas no anexo I, ou

f) que se trate de ovinos menores de dous meses de idade, nados antes da declaración de zona estacionalmente libre, procedentes de femias vacinadas con destino a ceiba en explotacións situadas en zona libre, caso en que os animais quedarán inmobilizados na explotación de destino e terán como único destino final o sacrificio en matadoiros nacionais.

Para tal efecto, as autoridades competentes das comunidades autónomas elaborarán unha lista de explotacións de ceiba de ovino que cumpran os requisitos hixiénico-sanitarios para a súa autorización para recibir ovinos de ceiba de menos de dous meses de zonas de restrición. A dita lista será remitida á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación co fin de elaborar unha lista nacional e poñela á disposición das autoridades competentes das comunidades autónomas.

2. A autoridade competente unicamente poderá autorizar as excepcións previstas neste artigo durante o período de interrupción da actividade do vector.

No momento en que, a través do programa de vixilancia epidemiolóxica, se detecte que se reiniciou a actividade do vector na zona restrinxida afectada, a autoridade competente garantirá que se deixen de aplicar estas excepcións.

3. Nos movementos previstos neste artigo farase constar, no certificado oficial establecido no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou como documentación adxunta a este, con base en qué requisito previsto no punto 1 se realiza o movemento.

Artigo 6. *Requisitos adicionais dos movementos para vida desde a zona restrinxida non estacionalmente libre.*

1. Ademais dos requisitos previstos no artigo 4, todo movemento para vida dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida non estacionalmente libre e con destino a explotacións situadas en zona libre ou zona estacionalmente libre, poderase realizar co cumprimento dos seguintes requisitos xerais:

a) Os animais serán transportados en vehículos de transporte que deberán ser desinsectados antes da carga, baixo supervisión da autoridade competente.

b) A carga e o transporte dos animais realizaranse, preferentemente, nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

c) Todos os animais sensibles obxecto de movemento serán previamente tratados cun desinsectante ou repelente baixo supervisión da autoridade competente.

2. Ademais dos requisitos do número anterior, os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida non estacionalmente libre, poderanse mover para vida ao resto do territorio nacional co

cumprimento dalgunha das condicións que se establecen no anexo I. Malia o anterior, para aqueles animais que desde zona libre ou desde zona estacionalmente libre entren nas zonas restrinxidas non estacionalmente libres para asistir a concursos, feiras ou poxas, exceptúase para a saída cara a zona libre ou zona estacionalmente libre dos requisitos previstos no anexo I, sempre que os animais se mantivesen durante todo este tempo en instalacións en que se leve a cabo un adecuado protocolo de desinsectación.

Así mesmo, poderanse establecer excepcións no réxime de movementos de ovinos menores de dous meses de idade desde zona restrinxida non estacionalmente libre con destino a ceiba, a explotacións situadas en zona libre ou estacionalmente libre, dentro do territorio nacional, segundo establece o artigo 8.1.b) do Regulamento (CE) n.º 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro de 2007, sempre que se cumpran as garantías adicionais recollidas no protocolo elaborado para tal efecto e acordado no Subcomité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, e se cumpran os requisitos nel recollidos.

Artigo 7. *Movementos para sacrificio desde as zonas restrinxidas.*

1. Os animais de especies sensibles de explotacións situadas nas zonas restrinxidas poderanse mover para sacrificio directamente a territorio doutros Estados membros coas condicións que establece o Regulamento (CE) n.º 1266/2007 da Comisión, do 26 de outubro de 2007.

2. Os animais serán transportados ao matadoiro para o seu sacrificio nun prazo máximo de corenta e oito horas desde a chegada a el, baixo supervisión oficial. A autoridade sanitaria competente do matadoiro será informada da intención de enviar animais a este e notificará a súa chegada á autoridade sanitaria competente en materia de expedición.

3. No certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou como documentación adxunta a este, constará a identificación dos animais obxecto de movemento e, nos casos en que así proceda, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, a data de aplicación e, se é o caso, o tempo de espera).

4. Polo demais, os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida estacionalmente libre poderanse mover para sacrificio directamente ao resto do territorio nacional.

5. Os requisitos para autorizar os movementos para sacrificio de animais de especies sensibles desde explotacións radicadas na zona restrinxida non estacionalmente libre, con destino a matadoiro situado no resto do territorio nacional, serán ademais os seguintes:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse preferentemente nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) No matadoiro de destino, así como na explotación de orixe, terase procedido á desinsectación previa dos locais e arredores en que vaian permanecer os animais. Non obstante, a autoridade competente de sanidade animal da comunidade autónoma de destino poderá exceptuar da desinsectación previa o matadoiro de destino cando non exista risco de presenza do vector.

e) Os animais obxecto de movemento serán previamente tratados cun desinsectante ou repelente que garanta a súa desinsectación durante o transporte, agás se os animais van ser sacrificados nas primeiras vinte e catro horas, caso en que non será necesaria a súa desinsectación previa.

6. Malia o disposto neste artigo, non se poderán autorizar en ningún caso movementos para sacrificio dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas nas zonas restrinxidas non estacionalmente libres con destino cara a aquelas provincias de zona libre do territorio nacional en que historicamente se notificase a presenza de focos de lingua azul, agás que cumpran os requisitos do anexo I.

Artigo 8. *Movementos de reses de lida desde as zonas restrinxidas destinados a zona libre.*

1. Todo movemento de reses de lida con destino a espectáculos taurinos terá a consideración de movemento a matadoiro, de acordo co establecido no artigo 7 desta orde.

2. Os animais a que non se lles dese morte durante a celebración do espectáculo serán sacrificados ou reexpedidos directamente á explotación de orixe no prazo que estableza a autoridade sanitaria onde se atopen os animais.

3. Caso de que os animais procedan de explotacións situadas en zona restrinxida non estacionalmente libre, os equinos e cabestros ou outros animais sensibles que poidan entrar en contacto cos animais da partida deberán estar previamente desinsectados ou tratados con repelente, baixo supervisión veterinaria.

Artigo 9. *Vacunación de especies sensibles nas zonas restrinxidas.*

1. Establécese a vacinación obrigatoria fronte aos serotipos 1 e 4 do virus da lingua azul dos animais, maiores de tres meses, pertencentes ás especies ovina e bovina na zona restrinxida S-1-4.

2. Establécese a vacinación obrigatoria fronte ao serotipo 1 do virus da lingua azul dos animais, maiores de tres meses, pertencentes ás especies ovina e bovina na zona restrinxida S-1.

3. A vacinación levarase a cabo baixo supervisión oficial e coas vacinas que para tal fin subministre a Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ás comunidades autónomas das zonas restrinxidas.

4. Os animais vacinados deberán ser marcados no momento da primovacinação cunha marca auricular de cor en que figurará, polo menos, a lenda «LA». Non obstante, no caso de bovinos, a dita marcación poderase realizar no documento de identificación bovina (DIB), previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, debendo garantir en todo momento que a dita marcación se mantén no DIB dos animais cando emitan un novo documento as autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio de posuidor daqueles, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

Tamén se exceptúa a marca auricular naqueles animais que estean identificados electronicamente, segundo o Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, para os cales non será necesaria unha marca auricular de cor se se fan constar os datos da vacinación no rexistro de tratamentos previsto no artigo 8 do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control

aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.

5. As autoridades competentes en sanidade animal das comunidades autónomas levarán a cabo un rexistro dos animais vacinados, no cal, polo menos, figurará o ano/mes de primovacinação e de sucesivas vacinacións, o código de explotación e a identificación individual dos animais, cando proceda.

6. Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 11.2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, as autoridades competentes das comunidades autónomas remitirán á Subdirección Xeral de Sanidade Animal os programas vacinais que pretendan aplicar no seu territorio, co fin de os trasladar á Comisión Europea.

Artigo 10. *Esperma, óvulos e embrións.*

O traslado de esperma, óvulos e embrións de doadores das zonas restrinxidas rexerese polo previsto no Regulamento (CE) n.º 1266/2007 da Comisión, do 26 de outubro de 2007.

No caso de esperma procedente de animais que permanecesen máis de 60 días en explotacións situadas en zonas estacionalmente libres aplicarase o disposto no artigo 5.1.

No caso de esperma procedente de animais de explotacións situadas en zona non estacionalmente libre, e vacinados fronte ao serotipo ou serotipos presentes nas respectivas zonas restrinxidas non estacionalmente libres, poderase autorizar o traslado sempre e cando os animais doadores do esperma cumpran os requisitos relativos a vacinación previstos no anexo I.

Artigo 11. *Zona libre.*

Os movementos de saída desde unha zona libre, ou dentro da dita zona, de animais de especies sensibles, tanto para vida coma para sacrificio, ou con destino a espectáculos taurinos, non están sometidos a ningunha condición específica con motivo da lingua azul.

Artigo 12. *Tránsito por zona restrinxida.*

1. Autorízase o tránsito de animais sensibles expedidos a partir dunha zona libre, a través de zona restrinxida estacionalmente libre, con destino directo a outra zona libre.

2. O tránsito de animais sensibles expedidos a partir dunha zona situada fóra das zonas restrinxidas non estacionalmente libres, a través das ditas zonas, rexerese polo previsto no Regulamento (CE) n.º 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro de 2007.

Artigo 13. *Comunicación de información.*

As autoridades competentes dos territorios incluídos no anexo II remitirán mensualmente á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como moito 22 días despois da conclusión do mes obxecto do informe, a información solicitada nos puntos 1 e 2 do anexo II do Regulamento (CE) n.º 1266/2007 da Comisión, do 26 de outubro de 2007.

Artigo 14. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto nesta orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*.

Queda derogada a Orde APA/3544/2007, do 5 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

Disposición derogatoria única. *Entrada en vigor*.

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de decembro de 2007.–A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO I

Requisitos mínimos para os movementos de animais de especies sensibles á lingua azul, desde explotacións situadas nas zonas restrinxidas non estacionalmente libre S-1 e S-1-4 cara a explotacións situadas en zona libre ou estacionalmente libre da mesma ou distinta comunidade autónoma e no movemento para vida entre as zonas restrinxidas non estacionalmente libres S-1 e S-1-4

A. O movemento de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas na zona restrinxida S-1 non estacionalmente libre cara a explotacións situadas en zona libre ou estacionalmente libre do territorio nacional ou cara a explotacións situadas en zona restrinxida non estacionalmente libre S-1-4, poderase realizar se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1. Que estivesen protexidos do ataque de Culicoides durante, como mínimo, catorce días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da lingua azul ou a unha proba de reacción en cadea da polimerasa (PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase efectuar con mostras de sangue tomadas, como mínimo, catorce días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores, ou

2. Que estivesen protexidos dos ataques de Culicoides durante, como mínimo, vinte e oito días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba serolóxica para a detección dos anticorpos do grupo do virus da febre catarral ovina, con resultados negativos, e esta proba deberase efectuar con mostras tomadas, como mínimo, vinte e oito días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores, ou

3. No caso de animais vacinados: que se trate de animais da especie ovina e bovina maiores de tres meses de idade, con destino para vida, e vacinados con vacina inactivada fronte ao serotipo 1 do virus da lingua azul, caso en que o movemento se poderá realizar unha vez que transcorresen setenta días desde a aplicación da segunda dose vacinal que estableza a inmunidade fronte á lingua azul segundo o protocolo de vacinación empregado, ou ben se realizase unha toma de mostra a partir dos vinte e cinco días da aplicación da segunda dose vacinal que estableza a inmunidade fronte á lingua azul segundo o protocolo de vacinación empregado, para a realización dunha proba de PCR con resultados negativos, sen que sexa necesario o illamento en ningún dos dous casos. Unha vez efectuada unha destas condicións o prazo máximo para o movemento será de seis meses desde a aplicación da segunda dose vacinal.

B. O movemento de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas na zona restrinxida S-1-4 non estacionalmente libre cara a explotacións situadas en zona libre ou estacionalmente libre do territorio nacional ou cara a explotacións situadas en zona restrinxida non estacionalmente libre S-1, poderase realizar se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1. Que estivesen protexidos do ataque de Culicoides durante, como mínimo, catorce días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da lingua azul ou a unha proba de reacción en cadea da polimerasa (PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase efectuar con mostras de sangue tomadas, como mínimo, catorce días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

Ademais do requisito anterior, os animais da especie ovina e bovina maiores de tres meses de idade, con destino para vida, deberán estar vacinados con vacina inactivada fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul, de acordo coas seguintes condicións:

a) Que se trate de animais que xa fosen previamente vacinados, caso en que o movemento se producirá inmediatamente despois da aplicación da dose vacinal de recordo, sempre e cando a dita dose se aplicase dentro do prazo de inmunidade garantido segundo o protocolo de vacinación utilizado. O prazo máximo para o movemento será dun ano, ou

b) que se trate de animais vacinados por primeira vez, debendo pasar polo menos vinte e cinco días desde a aplicación da dose vacinal que estableza a inmunidade fronte á lingua azul segundo o protocolo de vacinación empregado. O prazo máximo para o movemento será dun ano.

Ou ben,

2. Que se trate de animais da especie ovina e bovina maiores de tres meses de idade, con destino para vida, e vacinados con vacina inactivada fronte aos serotipos 1 e 4 do virus da lingua azul, caso en que o movemento se poderá realizar unha vez que transcorresen setenta días desde a aplicación da segunda dose vacinal que estableza a inmunidade fronte a ambos os dous serotipos segundo o protocolo de vacinación empregado, ou ben se realizase unha toma de mostra a partir dos vinte e cinco días da aplicación da dose vacinal que estableza a inmunidade fronte a ambos os dous serotipos segundo o protocolo de vacinación empregado, para a realización dunha proba de PCR con resultados negativos, sen que sexa necesario o illamento en ningún dos dous casos. Unha vez efectuada unha destas condicións o prazo máximo para o movemento será de seis meses desde a aplicación da segunda dose vacinal do serotipo 1 e dun ano desde a aplicación da segunda dose vacinal fronte ao serotipo 4.

Malia o anterior, no caso de que se trate de animais que xa fosen previamente vacinados, o movemento poderase producir inmediatamente despois da aplicación da dose vacinal de recordo, sempre e cando a dita dose se aplicase dentro do prazo de inmunidade garantido segundo o protocolo de vacinación utilizado. O prazo máximo para o movemento será dun ano para o serotipo 4 e de seis meses para o serotipo 1.

ANEXO II

Clasificación de zonas en función dos datos de actividade de *Culicoides* multiparos por trampa

A. Zona restrinxida S-1:

A.1 Zona estacionalmente libre desde o 1 de novembro de 2007.

A Comunidade Autónoma de La Rioja.

As seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

a) Na Comunidade Autónoma de Aragón: na provincia de Huesca, as comarcas veterinarias de Ayerbe, Jaca e Sabiñánigo; na provincia de Zaragoza, as comarcas veterinarias de Ejea de los Caballeros e Sos del Rey Católico.

b) Na Comunidade Autónoma de Castilla y León: na provincia de Burgos, as comarcas veterinarias de Miranda de Ebro, Medina de Pomar, Valle de Mena, Briesca, Villarcayo de las Merindades de Castilla la Vieja, Espinosa de los Monteros e Belorado.

c) Na Comunidade Autónoma do País Vasco: a provincia de Álava.

d) Na Comunidade Foral de Navarra: as comarcas veterinarias de Elizondo, Estella, Ochagavía, Pamplona, Sangüesa, Tafalla e Tudela.

A.2 Zona estacionalmente libre desde o 15 de decembro de 2007.

Na Comunidade Autónoma de Cantabria: as comarcas veterinarias de Gama (Bárcena de Cicero), Ramales e Solares (Medio Cudeyo).

A.3 Zona estacionalmente libre desde o 30 de decembro de 2007.

Na Comunidade Autónoma do País Vasco: a provincia de Bizkaia.

A.4 Zona non estacionalmente libre.

a) Na Comunidade Autónoma do País Vasco: a provincia de Guipuzkoa.

b) Na Comunidade Foral de Navarra: as comarcas veterinarias de Santesteban e Irurzun.

B. Zona restrinxida S-1-4:

B.1 Zona estacionalmente libre desde o 15 de novembro de 2007.

Provincia de Salamanca: as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros.

B.2 Zona estacionalmente libre desde o 1 de decembro de 2007.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de El Barco de Ávila, El Barraco, Cebreros, Las Navas del Marqués e Navalunga.

Provincia de Toledo.

Provincia de Ciudad Real.

Provincia de Albacete: a comarca veterinaria de Alcaraz.

Na Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez, El Escorial, Griñón, Navalcarnero, San Martín de Valdeiglesias, Arganda del Rey, Villarejo de Salvanes, Alcalá de Henares, Torrelaguna, Colmenar Viejo e municipio de Madrid.

Provincia de Cáceres.

Provincia de Almería, as comarcas veterinarias de Poniente, Río Andarax, Alto Almanzora e Bajo Andarax.

Provincia de Granada, as comarcas veterinarias de Motril e Órgiva.

B.3 Zona estacionalmente libre desde o 15 de decembro de 2007.

Provincia de Ávila, as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, Candeleda e Sotillo de la Adrada.

Provincia de Badajoz.

Provincia de Jaén: a comarca veterinaria de Andujar, Jaén, Alcalá la Real, Huelma, Úbeda, Linares e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Huelva: as comarcas veterinarias de Cortegana, Aracena, Puebla de Guzmán, Valverde del Camino, La Palma del Condado e Cartaya.

Provincia de Córdoba: as comarcas veterinarias de Montoro, Pozoblanco, Hinojosa del Duque, Peñarroya-Pueblo Nuevo, Posadas, Montilla, Lucena e Baena.

Provincia de Sevilla: as comarcas veterinarias de Lebrija, Marchena, Osuna, San Lúcar la Mayor, Utrera, El Ronquillo, Cazalla, Cantillana, Carmona e Écija.

Provincia de Málaga: as comarcas veterinarias de Ronda e Antequera.

Provincia de Cádiz: as comarcas veterinarias de Campiña e Sierra de Cádiz.

B.4 Zona estacionalmente libre desde o 30 de decembro de 2007.

Provincia de Huelva: a comarca veterinaria de Almonte.

Provincia de Cádiz: a comarca veterinaria de Litoral.

B.5 Zona non estacionalmente libre.

Provincia de Málaga: as comarcas veterinarias de Málaga, Cartaza, Estepona e Vélez Málaga.

Provincia de Cádiz: a comarca veterinaria de Campo de Gibraltar e La Janda.

Cidades de Ceuta e Melilla.

C. Zona libre: o resto do territorio nacional.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

22528 REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria. («BOE» 313, do 31-12-2007.)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A disposición derradeira primeira da Lei 15/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, autorizou o Goberno para que, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da lei, refundise nun só texto a devandita lei e mais a Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, regularizando, aclarando e harmonizando as normas refundidas entre si, así como co disposto na Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamenta-